

## B A N D O

A Xunta de Galicia, establece as bases para a concesión de Axudas económicas para familias con fillos menores de tres (3) anos a cargo, para o presente ano. **ESTA SOLICITUDE PODERASE PRESENTAR DIRECTAMENTE NO DPTO. TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR (Rúa Sáenz Díez, 33, baixo) ATA O DÍA 18 DE XUÑO DE 2010**

### Beneficiarios:

Todas aquelas persoas con nenos o seu cargo nados entre o día 2-1-2007 e o 1-1-2010, incluídos, e que nin elas, nin ningún dos membros da unidade familiar estiveran obrigados a presentar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ó ano 2008. Será supostos especiais os de adopción, nulidade, separación ou divorcio.


Quedan excluídas aquelas unidades familiares nas que os seus ingresos, individuais ou conxuntos, superaran no exercicio 2008 os 22.000 €, sumadas as bases impositibles xeral e do aforro da declaración do IRPF, así como os proxenitores privados da patria potestade, tutela ou garda.

### Requisitos

- . Ter a súa residencia habitual nesta Comunidade Autónoma.
- . Que na data da solicitude os nenos convivan co solicitante.

### Tipo de axuda e cuantía

Prestación de pago único de 360 Euros,  
por cada fillo menor de tres (3) anos que o solicitante teña o seu cargo.



### Documentación a presentar

- . Solicitude e anexos, PODERANSE BAIXAR DE INTERNET. (DOG nº. 87 do 10/05/2010) Orde de 3 de maio de 2010.
- . DNI/NIF do solicitante e do seu cónxuxe ou parella
- . Libro de familia.
- . Certificado de convivencia (empadramento conxunto) de toda a unidade familiar.
- . Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio, no seu caso.

- . Fotocopia da folla da cartilla de aforros ou certificación bancaria, na que figure ó nº de conta, e que o titular sexa a persoa solicitante.

Para a prórroga das axudas concedidas no 2009, bastará só coa presentación do anexo I no modelo oficial e a copia do D.N.I., sempre que cumpra cos demais requisitos. No caso de algún cambio no núcleo de convivencia, deberán achegar a documentación complementaria que lle solicite a Xunta.



O que se fai público para xeral coñecemento.  
San Cibrao das Viñas, 10/05/2010